

**Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade  
do 27 de abril de 2017**

**Asistentes:**

Arribas Álvarez, M.Carmen  
Díaz Naya, Rosa M<sup>a</sup>  
Eguileta Franco, José M<sup>a</sup>  
Fernández Cid, Lorena  
Garrido Labrador, Begoña  
López López, Marta  
Pérez Losada, Fermín  
Reboreda Morillo, Susana  
Uña Álvarez, Elena de  
Vaquero Díaz, Beatriz

**Desculpan a súa ausencia:**

Comendador Rey, Beatriz  
López Díaz, María (Ano  
sabático)  
Presedo Garazo, Antonio  
Real López, Arturo

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o xoves 27 de abril de 2017, ás 17.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 24 de abril de 2017:

- Lectura e aprobación da acta anterior (30 de marzo de 2017)
- Informe da Decana
- Informe sobre os procesos de coordinación do Mestrado de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
- Planificación proceso de certificación do Sistema de Calidade do centro

Adenda:

- Validación do Regulamento da materia de Prácticas
- Ratificación da coordinadora de calidade
- Rolda de intervencións

## 1. Lectura e aprobación da acta anterior (30 de marzo de 2017)

Apróbbase a acta por asentimento.

## 2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de María López (ano sabático), Antonio Presedo (obrigas docentes), Arturo Real (viaxe) e Beatriz Comendador (nun congreso).
- A decana dá a benvida á bolseira de calidade, Lorena Fernández, que se incorporou como tal no mes de abril.
- Comenta que adiantaron o calendario da certificación. O 30 de abril péchase a plataforma onde se ten que subir toda a documentación e agardamos que a finais de maio sexa a visita.
- Informa que chegou o resultado provisional da renovación da acreditación do Mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. No criterio de recursos materiais e servizos teñen un C de cualificación e neste criterio se ten que ter un B. Agora hai un prazo para facer alegacións.
- Informa que hoxe no Consello de Campus, o reitor confirmou que a Xunta non contestou sobre as titulacións singulares, el pensa que non se vai obter esta cualificación. Respecto ao cumprimento do plan de viabilidade, o revisaron e contestaron oralmente que o cumprimos pero de momento, non temos informe oficial por escrito.
- A decana informa que o PCEO co Grao de Turismo e o Grao en Xeografía e Historia vai adiante. A xefa de Área de Grao comunicounos que foron esenciais as cartas de apoio das diversas institucións e organismos. Por parte da UVigo se vai publicitar xa. Ambos centros estamos pensando en reforzar esta publicidade. O vicerreitor do campus suxeriu realizar unha presentación acompañada dunha conferencia relacionada coa auga e ofreceu a súa colaboración económica. A decana da Facultade de CC. EE. e Turismo parécelle que as datas cercanas aos exames son pouco adecuadas e suxire solo a rolda de prensa. A decana solicita ideas sobre este tema. A profesora Elena de Uña propón unha ruta para difundir o patrimonio e tamén pode estar relacionada coa auga. Valórase a posibilidade de que a empresa Xeitura, na que traballa Begoña Garrido e outros egresados do centro, encárguese dos aspectos culturais. Nesta ruta deberíanse conxugar os aspectos do patrimonio cultural e de xestión. Un posible lugar sería Baños de Molgas e o seu balneario. Toda a comisión acepta a proposta da ruta como máis atractiva. A decana queda en proporllo á decana da Facultade de CC. EE. e Turismo e ao vicerreitor do campus.

- Comenta que se asinou un Convenio Marco e un Convenio Específico co Concello de Oímbra para a documentación histórica do concello. Formalizarase un contrato de investigación que o levarán os profesores Fco. Javier Pérez, Beatriz Vaquero e Beatriz Comendador e terá unha dotación económica de 4.000€. Supón un fito importante porque é a primeira vez que un concello solicita un estudo destas características. Ata de agora os convenios e/ou contratos que se estableceron con Allariz, Tomiño, Monterrei, Castrelo de Miño e Amoeiro relacionábanse con escavacións arqueolóxicas.
- Informa a decana que o prazo para solicitar bolsas erasmus xa rematou. Para o vindeiro curso 2 alumnos de 2º curso van ir a Kielce. Dende a ORI preguntaron se precisabamos unha segunda convocatoria e están 6 persoas interesadas. Estamos a espera de confirmar a oferta desta 2ª convocatoria.

### **3. Informe sobre os procesos de coordinación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

A decana explica que dentro do Sistema de Calidade, no apartado de planificación inclúese o aspecto da coordinación, que se materializa nun rexistro a modo de informe. Como ata de agora carecemos deste rexistro respecto ao mestrados, inclúense na orde do día, coa finalidade de que a comisión teña un informe oral. Ante a ausencia da que foi coordinadora do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural no pasado curso, Beatriz Comendador, cédelle a palabra á profesora Beatriz Vaquero, como anterior secretaria do mesmo mestrado. Esta explica que o órgano que participa na xestión do título é a Comisión Académica formada por 2 representantes de cada un dos tres centros que participaban no mestrado. O título tiña 4 coordinadores/as por cada un dos módulos (que forman parte da comisión académica), e a súa vez, cada materia ten o seu/súa coordinador/a. Tamén hai unha coordinadora da materia de Prácticas e outro do TFM. No ano da súa implantación, como o resto dos mestrados da UVigo funcionaba dun xeito bastante independente da Facultade de Historia, este aspecto ven mudando dende hai ano e medio, coincidindo coa progresiva integración do título nos aspectos do Sistema de Calidade. Tamén a partir dese momento a coordinadora de calidade empeza a asistir as xuntanzas da Comisión Académica como ouvinte e comézase a tratar a dinámica do título nesta Comisión. Entre as tarefas de coordinación da Comisión Académica están os temas de profesorado, organización docente (calendarios, actividades, horarios, etc.) e aprobar as guías docentes. Como o mestrado é semipresencial se levaron a cabo accións para realizar videoconferencias a través de e-Meeting e a través da plataforma Moodle, o que levou a organizar accións formativas co profesorado. Neste tempo tamén se planifican accións co alumnado e se analiza como implantar enquisas internas de avaliación das materias. Estas enquisas se fixeron online no curso 2015/16 e xa as tiñan todas as materias. O Informe de coordinación do mestrado se aproba na Comisión Académica. A decana coméntalle ao novo coordinador, o profesor Fermín Pérez, que ao remate deste curso deberá remitir a esta comisión o rexistro de coordinación tal e como está establecido no correspondente procedemento.

Dende o 1º curso do mestrado (2014/15) a o actual, houbo unha evolución respecto ao PAT e un obxectivo foi incrementar as taxas de eficiencia, xa que o alumnado non remataba o TFM; a taxa de gradación veuse lixeiramente ampliada.

Un aspecto importante que xa foi tratado en anteriores Comisións de Calidade foi que entre o curso 2015/16 e o 2016/17 houbo un gran cambio na oferta formativa, xa que todo o profesorado da Escola de Restauración de Pontevedra retirouse do mestrado, o que supuxo non ofertar un dos módulos optativo. Nos outros módulos entrou novo profesorado para substituír ó da Escola. Debido a isto, ao tempo que houbo un cambio na súa coordinación, houbo unha proposta de remodelación do título. O mestrado está funcionando ben, aínda coa caída dese módulo. Para o curso 2017/18 seguirá igual e para o curso 2018/19 é cando se prevé que entrará en vigor o título remodelado.

O novo coordinador do mestrado, o profesor Fermín Pérez, expón os principais cambios que se proxectan na memoria do título, no que proxéctase unificar os tres módulos en dous, incrementando neles as materias optativas cun reparto temático proporcional, no que se refire as ramas tecnolóxicas e humanísticas.

#### **4. Planificación do proceso de certificación do Sistema de Calidade do centro**

A decana comenta que a secretaria do decanato, Carmen Arribas, realizou neste mes un timeline, tarefa moi laboriosa pero moi visual, xa que se reflicten todas as actividades relacionadas coa calidade do centro, dende o ano 2008 ata a actualidade, amósase un borrador e propónse que se imprima nun tamaño lexible para mostrar na visita da Comisión Avaliadora. Outra actividade que realizou a coordinadora de calidade e o colaborador centrouse na revisión da plataforma do Sistema para a súa actualización. Un técnico da área de Calidade fixo unha revisión da mesma e indicounos varios aspectos para mellorar que xa están incluídos. Agora a bolsairesta finalizando de revisar a adecuación das actas da Comisión de Calidade e de Xunta de Facultade con respecto aos procedementos e de marcas para que sexa máis doado de atopar a información. A semana pasada o equipo decanal mantivo unha reunión co Director e un Técnico da Área de Calidade para analizar, suxerir e plantexar posibles cuestións relacionadas coa certificación. Informa que en 15 días haberá unha reunión con este persoal da Área de Calidade para resolver as dúbidas da Comisión respecto ao desenvolvemento da visita. O proceso de certificación é similar ao de acreditación, os membros desta comisión temos ben repartidas as nosas tarefas e nese senso saberemos quen debe responder ás diversas cuestións que se plantexen, cre que non imos ter problemas.

A decana mostra un borrador da presentación que pensa facer á Comisión Avaliadora e solicita aos membros da Comisión a súa opinión e as suxestións que consideren. Despois do visionado da presentación, estase de acordo na estrutura en 3 fases dos diversos procesos de implementación da Calidade do centro. En canto aos 6 criterios, acórdase deixalos pero sen entrar nos enlaces de cada un deles. A profesora Elena de Uña suxire poñer un fondo musical á presentación.

A decana explica que se irán comentando as novidades.

## 5. Validación do Regulamento da materia de Prácticas

A decana cédelle a palabra á coordinadora das prácticas, a profesora Beatriz Vaquero, que comenta que a materia de Prácticas Externas no plan novo pasou a ser obrigatoria e de 12 ECTS. No curso 2017/18 entrará no plan novo 4º curso; como ven sendo habitual, o alumnado de 3º mantén a posibilidade de facer as prácticas extracurriculares.

No proceso de acreditación visibilizouse un erro na memoria remodelada, xa que a pesar de duplicar na materia o número de créditos (de 6 a 12) mantivemos o número de horas. Neste regulamento o erro queda subsanado ao establecer para a modalidade presencial 300 horas -240 presenciais- e 200 horas na modalidade semipresencial -160 presenciais-. Na modalidade presencial reducíronse 10 horas porque a partir de 250 horas as prácticas teñen que ser remuneradas e as numerosas institucións públicas coas que temos convenio non poden remuneralas. A coordinadora explica que o resto das horas ata 300 se empregan na preparación previa e na memoria, da que se xuntan unhas pautas para facela. Tamén se inclúe o recoñecemento de créditos e a validación das prácticas.

Xunto co regulamento e as pautas de elaboración da memoria se inclúen 3 anexos: Anexo I: Solicitud centro de prácticas, Anexo II: Solicitud de avaliación de prácticas e Anexo III: Solicitud de recoñecemento de créditos de prácticas.

Valídase o regulamento e os anexos.

## 6. Ratificación da coordinadora de calidade

Despois da revisión das actas da Comisión de Calidade, non se detectou o nomeamento da coordinadora de Calidade. A data máis antiga na que se fai referencia a ela como tal aparece o 3 de outubro de 2012, na que se recolle que a decana, daquelas Beatriz Comendador, delega na vicedecana, daquelas Susana Reboreda, como coordinadora de calidade, a presidencia da Comisión. Como parece que non houbo un nomeamento como tal, se ratifica, con carácter retroactivo, o nomeamento da profesora Susana Reboreda como coordinadora de calidade da Facultade de Historia dende dita data.

## 7. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.35 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez